

Interpelacións

As interpelacións no debate

Durante as quendas de refutación teñen lugar as preguntas ou interpelacións, consideradas como a verdadeira esencia do debate. A través de estas materialízase a dimensión dialéctica da actividade, evitando que as intervencións se convertan en exposicións unidireccionais ou monólogos sucesivos.

Habitualmente, as rúbricas de avaliación ponderan de maneira positiva tanto a formulación como a resposta ás preguntas. Recoméndase realizar e responder, aproximadamente, dúas interpelacións por rolda de refutación, podendo formularse en calquera momento da intervención, agás no último minuto –denominado minuto protexido–, no que non se admiten interrupcións.

Finalidade das interpelacións

Á hora de formular preguntas debemos ter en conta que preguntamos para: aclarar ideas, adiantar argumentos e poñer problemas.

Non debemos facer preguntas absurdas só para romper a dinámica da intervención. Débense formular con claridade e concisión sendo conscientes de que temos un tempo límite para formulala. Debemos formular a pregunta unha vez escrita. Debemos adaptar a pregunta ao debate e non preguntar por preguntar.

Só unha man levantada para realizar a pregunta iso é síntoma de coordinación entre os compoñentes do equipo. Algo que dá moi mala imaxe é formular a pregunta nada máis comece o orador a súa quenda de refutación e pode trasladar a idea aos compoñentes do xurado de que non hai outra intención que desconcentrar ao orador que está a intervir.

Xestión da concesión

En relación co anterior o orador ou oradora que concede a pregunta non é necesario que responda segundo levante a man o orador ou oradora que interpela poderá facelo cando máis lle conveña, cando menos interrompa o seu discurso, e dentro dun tempo razoable desde que levantou a man.

Como responder ás preguntas

A resposta debe estar sempre vinculada á propia liña argumental. Se a pregunta pretende desprazar o debate cara ao marco conceptual do equipo contrario, convén reconducila cara ao propio eixo discursivo. Non resulta estratéxico investir tempo en desenvolver cuestións que favorecen a estrutura rival.

Se a pregunta entra directamente no propio marco, recoméndase non limitarse a repetir argumentos xa expostos, senón aproveitar a oportunidade para reforzar e ampliar a construción da liña propia.

Que facer cando non se sabe a resposta

Nun contexto de incerteza, a estratexia máis eficaz consiste en regresar á idea-forza da intervención e reforzar o núcleo argumentativo esencial. Como sinala Guzmán (2019, p. 401), o fundamental non é demostrar omnisciencia, senón consolidar o punto central da propia posición.

A comunicación nas interpelacións

A eficacia das interpelacións no debate académico non depende unicamente da súa formulación verbal, senón tamén da maneira en que son expresadas. A comunicación non verbal e para-verbal desempeña un papel clave na percepción que o xurado ten tanto da pregunta como da resposta, contribuíndo a reforzar –ou debilitar– a súa forza a nivel argumental.

No plano vocal, as interpelacións deben caracterizarse por:

- ✎ **Claridade na dicción:** a pregunta debe entenderse sen dificultade desde o primeiro momento.
- ✎ **Entoación firme:** transmitir seguridade sen caer na agresividade.
- ✎ **Brevidade e ritmo controlado:** evitar formulacións excesivamente longas ou aceleradas que dificulten a comprensión.
- ✎ **Énfase selectivo:** destacar o elemento clave da pregunta para orientar a atención do auditorio.

No plano corporal, resultan especialmente relevantes os seguintes elementos:

- ✎ **Contacto visual:** dirixido ao orador interpelado, pero tamén ao xurado, reforzando a intención comunicativa.
- ✎ **Xestualidade contida:** evitar movementos excesivos; un xesto puntual pode reforzar a pregunta, pero o exceso resta credibilidade.
- ✎ **Postura corporal:** erguida e estable, transmitindo seguridade.
- ✎ **Xestión da man levantada:** debe realizarse de maneira coordinada e natural, evitando insistencias reiteradas.

Preparación e probabilidade de éxito

Durante a preparación da actividade levaremos a cabo a preparación das dúas posturas e dentro das fases da preparación deberemos dedicar un tempo a preparación das posibles interpelacións que podemos recibir as nosas liñas e a noso marco.

De todos modos, por moito que nos preparemos para un debate nunca teremos a garantía de responder as preguntas que nos realice o equipo que defende a outra postura pero evidentemente a probabilidade de saír airoso desta parte da refutación será menor se non o levamos preparado.